



Concello de Ortigueira

Expendiente: 889/2020

Asunto: Samaín 2020

Procedemento: Festas (Planificación, Organización ou Celebración)

RESOLUCIÓN

Sendo o Samaín un evento de interese cultural, que serve para manter as tradicións do noso concello, e, non podendo realizar as actividades propias de esta festividade con motivo da emerxencia do COVID19, convócase un concurso infantil de cabazas de Samaín coa colaboración dos departamentos de Cultura, Patrimonio e Turismo.

RESOLVO

Primeiro.- Aprobar as seguintes bases reguladoras do concurso infantil de cabazas decoradas Samaín 2020 de Ortigueira.

BASES CONCURSO DE CABAZAS DECORADAS, SAMAIN 2020

PRIMEIRA.- Poderá participar a rapazada do Concello de Ortigueira a título persoal, con idades comprendidas entre os 3 e os 12 anos.

SEGUNDA.- O traballo consiste en presentar unha cabaza natural decorada, tallada ou pintada. Poderase traer vaciada ou non. Valorarase a orixinalidade e a creatividade.

TERCEIRA.- Todos os que desexen participar entregarán as cabazas nas oficinas municipais do Concello, no Departamento de Cultura, en horario de luns a venres de 9:00h a 14:00h, desde o venres 16 de outubro ata o luns 26 do mesmo mes. O xurado deliberará o gañador do 27 ao 29 de outubro. As cabazas presentadas fóra do devandito prazo non participarán no concurso.

CUARTA.- O Xurado estará presidido pola Concelleira de Cultura ou persoal en quen delegue, e membros de dito departamento, Turismo e Patrimonio.

QUINTA.- Entregarase un premio ao gañador elixido na votación do xurado. No momento de recibilo, o menor virá acompañando co pai/ nai ou tutor. O agasallo consistirá nun lote de libros ou xogos didácticos. Ademais cada participante levará un recordo pola súa participación. O fallo do xurado será inapelable.

SEXTA.- A cabaza premiada farase pública na páxina oficial do Facebook do Concello de Ortigueira, despois de comunicarllo ao gañador o día 30 de outubro.

SÉPTIMA.- O Concello poderá declarar deserto o premio no caso de considerar que as cabazas non reúnen as condicións precisas, non se chega a un número mínimo de 5 participantes ou se incumpren as bases nalgún punto.

OITAVA.- Os participantes que queiran recoller a súa cabaza poderán facelo a primeira semana de novembro, de non ser así, o persoal autorizado farase cargo de retirada das mesmas.

NOVENA.- A participación no concurso implica a aceptación destas bases.

Concello de Ortigueira

Plaza de Isabel II, s/n, Ortigueira. 15330 (A Coruña). Tfno. 981400000. Fax: 981402536



Cod. Validación: 6N3RXTA2LA7MWH24JDAFQK05 | Corrección: <https://ortigueira.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2



Concello de Ortigueira

O Alcalde

ASINADO DIXITALMENTE AO MARXE

Dilixencia de Secretaría

No exercicio das funcións de fe pública que me atribúe o artigo 3.2.e) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, poño esta dilixencia para facer constar que a presente resolución foi incluída no Libro Oficial de Resolucións deste Concello na data da miña sinatura. Esta dilixencia non presupón informe xurídico favorable ou desfavorable do seu contido.

O Secretario

ASINADO DIXITALMENTE AO MARXE

ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

Concello de Ortigueira

Plaza de Isabel II, s/n, Ortigueira. 15330 (A Coruña). Tfno. 981400000. Fax: 981402536



Cod. Validación: 6N3RXTA2LA7MWH524JDAFQKQ5 | Corrección: <https://ortigueira.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2